Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 16 de xaneiro de 2025

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **16 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros asistentes:
Óscar Insua Lema (BNG)

Propoñente:
María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e, logo de desexarlles a todos os presentes un feliz ano, rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a presidenta comunica que o señor Ojea Bouzo, do G.P. Mixto, incorporarase a sesión posteriormente, para posibilitar a súa asistencia a sesión da Comisión 3ª. Economía, Facenda e Orzamentos convocada para esta mesma hora.

Deseguido éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 2992 (12/PNC-000381)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe impulsar co obxecto de mellorar as condicións da asistencia pediátrica na atención primaria do sistema sanitario público
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea a proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** quen, logo de desexarlle un feliz ano a todos os presentes, pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polas voceiras que a precederon no uso da palabra, defende a postura da Xunta de Galicia.

A **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

1.2 8806 (12/PNC-000897)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da realización dun programa informativo que se difunda a través de todos os medios e formatos posibles, e tamén desde os centros de saúde, respecto dos efectos nocivos que poden ocasionar para a saúde as dietas depurativas actualmente en auxe

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 17385), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A **señora Espinosa Mangana, María Elena (S),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, quen, logo de desexarlles a todos un feliz ano, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada ao tempo que defende a emenda presentada polo seu grupo.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** xustifica o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, agradece o apoio anunciado polo grupo do BNG, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario e anuncia que non acepta a súa emenda.

1.3 11765 (12/PNC-001119)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre determinadas medidas que debe pór en marcha o Goberno galego destinadas a mellorar a atención á saúde mental infantoxuvenil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

A **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, fai uso da palabra en primeiro lugar a **señora Espinosa Mangana(S**), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncia o voto favorable do seu grupo á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Prado Cores (BNG)** expón diversas consideracións discrepantes coa intervención da propoñente e xustifica os motivos polos que o seu grupo non apoia a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Amigo Díaz (P),** agradece o apoio amosado polo G.P. dos Socialistas de Galicia e expón diversas consideracións sobre a postura do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, que espera reconsidere.

PARLAMENTO DE GALICIA

Ao longo da anterior intervención a presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia a vicepresidenta.

Incorpórase a sesión o señor Ojea Bouzo (M).

1.4 14073 (12/PNC-001376)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda de fondos que a Xunta debe trasladar ao Goberno central, logo da obtención do premio Galicia Rexión Emprendedora Europea, para poñer en marcha programas específicos en materia de emprendemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 17392), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez López, Noelia (P)**, quen pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversas dúbidas a respecto da proposta defendida.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para amosar o apoio do seu grupo á devandita proposta.

Nesta mesma rolda **a señora Fernández González, Ariadna (BNG),** expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Pérez López, Noelia (P)**, refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, logo de responder ás alegacións anteriores e incidir na importancia da iniciativa.

Rematado o debate da iniciativa, a señora Pérez López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

1.5 14714 (12/PNC-001438)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego dadas as mudanzas que introduce na Lei de servizos sociais de Galicia a través da Lei de medidas fiscais e administrativas para 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 123, do 27.11.2024

A **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG)**, logo de desexarlles a todos un feliz ano, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando o contido da súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, intervén en primeiro lugar a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** -*o seños Ojea Bouzo (M), declina facer uso da mesma*- quen, despois de desexar un feliz ano e moita saúde para todos, amosa o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Nesta mesma rolda a **señora Arias Rodríguez, Raquel (P)**, logo de desexarlle tamén un bo ano a toda a Comisión, expón diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións e xustifica os motivos polos que o seu grupo non apoia a devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** expón diversas consideracións sobre as razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.

1.6 15454 (12/PNC-001503)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha para rebaixar as listaxes de agarda do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 18.12.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** e a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG)**, os que, logo de expoñer diversas consideracións sobre a proposta formulada, anuncian o voto favorable á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa e matizar algunhas das afirmacións realizadas polos voceiros que a precederon no uso da palabra, amosa o

PARLAMENTO DE GALICIA

rexeitamento do seu grupo á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, expón diversas discrepancias coas razóns de rexeitamento da iniciativa por parte do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polos grupos da oposición.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 2992 (12/PNC-000381), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.2 8806 (12/PNC-000897), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 1

1.3 11765 (12/PNC-001119), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor: 12
Votos en contra: 0
Abstencións: 5

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Aumentar a idade de atención da psiquiatría infanto-xuvenil aos 18 anos.

2. Crear un programa de transición á idade adulta para os pacientes psiquiátricos adolescentes.»

1.4 14073 (12/PNC-001376), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor: 15
Votos en contra: 0
Abstencións: 2

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reclamarlle os fondos necesarios que nos permitan poñer en marcha programas específicos en materia de emprendemento, tras ter recibido o premio Galicia Rexión Emprendedora.»

1.5 14714 (12/PNC-001438), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.6 15454 (12/PNC-001503), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:40 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.17 08:54:14 +01'00'

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.03.14 10:17:46 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

V.º e pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión